

Rueda confirma melloras no firme da AC-960 por máis de 1 millón de euros

Amosa a súa boa disposición para asinar un convenio para humanizar a entrada de Lestedo

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, mantiveron unha xuntanza na que se abordaron diversas actuacións de mellora no municipio, tanto ao nivel de infraestruturas como de servizos sociais. Durante o encontro, Alfonso Rueda informou de que a Xunta de Galicia vai executar este ano actuacións de mellora do firme da estrada autonómica AC-960, que atravesa Boqueixón, por máis de 1 millón de euros.

Unha actuación que se une ás obras de construción dunha nova senda peonil nesta mesma estrada, de 1,3 quilómetros de lonxitude entre as localidades de Sergude e Rodiño, e que serán licitadas este mesmo ano cun investimento de case 750.000 euros. O alcalde de Boqueixón salientou que se trata dunhas obras “moi necesarias e demandadas pola veciñanza, xa que se trata dun tramo moi transitado”.

De feito, esa nova senda conectará cun tramo de 1,8 km que a Xunta de Galicia



Ovidio Rodeiro e Alfonso Rueda, na reunión de traballo en San Caetano

xa executou nesta mesma estrada AC-960, e que comunica o polígono industrial con A Eirexe, e enlazará con outra senda que o Concello de Boqueixón acaba de rematar cara a parroquia de Vigo. Unha actuación actualmente en fase de redacción do proxecto e que se enmarca no Plan de Sendas de Galicia, que xa permitiu a construción de máis de 300 quilómetros de itinerarios

seguros e sostibles nas marxes das estradas autonómicas en toda a comunidade.

Humanizar Lestedo

Por outra banda, Alfonso Rueda trasladoulle ao alcalde a boa disposición da Xunta a asinar un convenio de colaboración, ao abeiro do Plan Hurbe, para humanizar a entrada a Lestedo. Unha actuación que permitiría “mellorar a seguridade

viaria e facilitar a mobilidade non so dos veciños e veciñas de Lestedo senón tamén das aldeas da contorna”.

Axuda no Fogar

Por último, o presidente confirmou que o recente acordo acadado entre a Xunta e a Fegamp para o incremento dun 50% da achega autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar suporá un aforro de máis de 425.000 € para as arcas municipais. Unha aportación que permitirá que Boqueixón blinde a súa ratio de atención, que se sitúa a día de hoxe no 98%, unha das máis elevadas da contorna.

Esta achega foi moi valorada polo alcalde, quen salientou “o compromiso da Xunta cos Concellos e cos dependentes galegos fronte a un Goberno Central que continúa sen cumprir a lei e sen aportar o 50% do financiamento, o que nos obriga aos Concellos a facer fronte a uns gastos improprios para dar resposta ás necesidades dos nosos veciños e veciñas”.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

30 mar / 19 abr

OURAL - POUSADA - SUCIRA

Casa da Cultura

20 abr / 03 mai

LEDESMA

Campo da festa

04 mai / 17 mai

A GRANXA

Campo da festa



O XXXIII Encontro de Maiores terá lugar o sábado 2 de maio no pavillón do Forte

O polideportivo municipal do Forte acollerá un ano máis o XXXIII Encontro de Maiores de Boqueixón, que terá lugar o sábado 2 de maio. A festa comezará ás 12:30 horas coa tradicional misa no salón de actos do CPI Antonio Orza Couto.

O xantar de confraternidade está previsto para as 13:30 horas no polideportivo municipal do Forte e dará paso a unha sesión musical e de animación, na que se realizará unha homenaxe ás persoas de maior idade presentes na xuntanza. O encontro de maiores pechará as súas portas ás 18:30 horas.

O Concello bonificará a entrada das persoas empadroadas en Boqueixón (maiores de 61 anos, pensionistas acreditadas e un máximo dun acompañante por persoa), que tan só terán que achegar 15 euros, mentres que o resto de participantes non empadroados pagarán 35 dos 40 euros do prezo do menú.

Ademais, o Concello de Boqueixón facilitará traslado en autobús a todas as persoas que o soliciten (consultar horarios no momento da inscrición). As entradas deberán recollese no Departamento de Cultura, previo pago das mesmas, antes do 27 de abril.

REUNIÓNS INFORMATIVAS MUNICIPAIS 2026

DATA	PARROQUIA	LUGAR	HORA
Venres 13 de marzo	A GRANXA	Local social	21:00 h
Mércores 1 de abril	LAMAS	Local social	21:00 h
Venres 10 de abril	OURAL	Casa da Cultura	21:00 h
Domingo 12 de abril	VIGO	Local social	11:00 h
Venres 17 de abril	GASTRAR	Local social	21:00 h
Domingo 19 de abril	POUSADA	Palco / Local social	12:00 h
Xoves 23 de abril	CODESO / DONAS	Local social	21:00 h
Domingo 26 de abril	BOQUEIXÓN	Concello	11:00 h
Xoves 30 de abril	SUCIRA	Casa da Cultura	21:00 h
Venres 8 de maio	SERGUDE	Local social	21:00 h
Mércores 13 de maio	LESTEDO	Local social	21:00 h
Venres 22 de maio	LEDESMA	Local social	21:00 h
Domingo 24 de maio	LOUREDA	Local social	11:00 h

O Concello convida á veciñanza a participar nas reunións por parroquias

O Concello retoma as reunións informativas por parroquias, que terán lugar entre os meses de abril e maio. Unha iniciativa que xorde tras a boa recepción que tiveron os encontros parroquiais celebrados a finais de 2024 e principios de 2025.

Nestas reunións, o Grupo de Goberno, encabezado polo alcalde Ovidio Rodeiro, dará conta de distintos asuntos de interese municipal, centrados sobre todo en cuestións relacionadas coa propia parroquia, e resolverán tamén as dúbidas planteadas polos veciños e veciñas. A participación é totalmente libre e de balde, sen necesidade de anotarse previamente.

No caso da primeira xuntanza, celebrada en A Graña, os temas de debate xiraron en torno á xestión de residuos (composta-



Primeira reunión veciñal celebrada no local social da Granxa

xe, recollida de plásticos, contedores), urbanismo, limpeza de franxas secundarias, renovación do alumeadado público, programas de atención social, actividades culturais, axudas e subvencións, saneamento, obras e melloras nos servizos municipais.

As próximas reunións deste mes de abril terán lugar nos locais sociais de Lamas (mércores 1, ás

21:00 h), Vigo (domingo 12, ás 11:00 h), Gastrar (venres 17, ás 21:00 h), Pousada (domingo 19, ás 12:00 h) e Codeso-Donas (xoves 23, ás 21:00 h). Tamén haberá xuntanzas en Oural (venres 10, ás 21:00 h, na Casa da Cultura), Boqueixón (domingo 26, ás 11:00 h, na Casa do Concello) e Sucira (xoves 30, ás 21:00 h, na Casa da Cultura).

Xunta, Boqueixón e O Pino melloran o viario de Loureda ao aeroporto

As obras supuxeron un investimento de máis de 62.500 euros

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, acompañado dos alcaldes de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e do Pino, Manuel Taboada; comprobaron as melloras realizadas no viario que vai de Loureda ao aeroporto de Santiago. Unhas obras de pavimentación e limpeza de cunetas que supuxeron un investimento de 62.500 euros, dos que a Xunta achegou preto de 44.000 euros.

Rodeiro destacou que “se trata dun proxecto conxunto co Concello do Pino para aglomerar, reforzar o firme e mellorar os entronques cos camiños forestais da estrada que conecta Boqueixón co Pino, á altura do aeroporto. Unhas actuacións que buscan mellorar a seguridade viaria, facilitar o acceso ás zonas rurais e reforzar a conectividade entre ambos municipios grazas ao



Diego Calvo e os alcaldes de Boqueixón e O Pino supervisaron as obras feitas

apoio da Xunta”. As obras tiveron lugar nun viario de 1.930 metros, 1.550 metros en Boqueixón e 380 metros no. En ambos tramos procedeuse a limpar as gabias en ambas marxes do viario, mellorándose a totalidade da capa de rodaxe no tramo do Pino e das partes máis deterioradas de Boqueixón.

A maiores, en Boqueixón realizouse tamén unha ac-

tuación especial nos entronques cos camiños forestais, que foron acondicionados con 10 centímetros de grava e tratamento asfáltico semiprofundo para rematar cun aglomerado en quente de 4 centímetros, o pintado da liña de borde da estrada e a colocación da correspondente sinalización horizontal e vertical nestes entronques.

Volve “Educar en familia” con trucos para xestionar os conflitos

O Concello, en colaboración coa Dirección Xeral de Saúde Pública, organiza a través do Servizo de Prevención de Condutas Adictivas unha nova sesión do programa “Educar en Familia”, dirixido a pais e nais con crianzas en infantil, primaria ou secundaria. A formación xirará en torno á xestión de conflitos, onde as persoas asistentes aprenderán trucos para resolver as tiranteces que xorden no día a día na familia.

A sesión terá lugar o martes 21 de abril, ás 16:00 horas, no CPI Antonio Orza Couto. As inscricións, totalmente de balde, deben realizarse a través do mail: educarenfamiliaconcellos@gmail.com, indicando nome, apelidos, curso e idade das crianzas.



Clausurado o obradoiro de habilidades sociais Convive

O Servizo de Prevención de Condutas Adictivas dos Concellos de Boqueixón, Teo e Touro, coa colaboración da Consellería de Sanidade, impartiu o obradoiro “Convive”. Catro sesións dirixidas a alumnado de 6º de Primaria que aprenderon a convivir e relacionarse de forma saudable.



Lucita Sousa celebra na casa do maior Lodeiro o seu 90 aniversario

Non hai dúas sen tres. Se meses atrás falabamos do noventa aniversario de José Rosende Lago e Emilia Seijo Otero, desta vez foi Lucita Sousa Mejuto quen celebrou os seus noventa anos cunha gran festa de aniversario cos seus compañeiros/as da Casa do Maior Lodeiro con música e a correspondente tarta.

Obriga de roza e limpeza de terreos e solares antes do 31 de maio

Ante a proximidade do verán, o Concello de Brión lembra a todas as persoas titulares de terreos e solares que, segundo a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, teñen o deber de xestionar a biomasa vexetal nas súas fincas. Unha obriga que se mantén todo o ano e que se intensifica antes do 31 de maio, data de inicio da época de maior risco de lumes.

Así, a lei obriga a xestionar a vexetación e retirar especies prohibidas (como eucaliptos, acacias, mimosas, piñeiros...) nunha franxa de 50 metros arredor de:

1. ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable (lembramos que tamén hai que limpar a maleza das parcelas urbanas)
2. arredor das edificacións destinadas a persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, gasoleiras e parques industriais situados a menos de 400 m. do monte
3. arredor das edificacións illadas en solo rústicos situadas a máis de 400 metros do monte.

O Concello de Boqueixón lembra que o incumprimento desta normativa pode derivar na instrución dun procedemento sancionador que conleve a aplicación de multas coercitivas, se fora o caso.

O Concello inviste 135.000 euros na mellora de sete estradas municipais

O Concello de Boqueixón vén de licitar por 136.344 euros as obras de mellora de 7 estradas municipais, ao abeiro do POS+ Ad 2/2025. Entre elas figuran tres actuacións de mellora da capa de rodaxe en aglomerado en quente: no **viario ata Reboredo**, unha estrada de 395 metros de longo por 4,3 metros de ancho na que tamén se contempla a construción dunha cuneta de seguridade de 40 metros; na **estrada Torre A Costiña - Lamas**, onde ademais de mellorar a capa de rodaxe no seus 410 metros de longo por 4 metros de ancho, tamén se acometerán 550 m² de abanicos; e nun **viario en Lamas** de 180 metros de longo por 4 metros de ancho, así como de 50 m² de abanicos.



O proxecto inclúe a mellora da rúa Monte Ilicino

Tamén se bacheará e mellorará a capa de rodaxe con tratamento asfáltico no **viario Vigo á AC-261**, de 1.389 metros de longo e onde se ampliará a estrada dos 4,5 actuais ata os 5,5 metros de ancho; na **mellora dos accesos a Piñeiro de Arriba**, de 200 metros; e na **mellora de acceso en Noelle**, un viario de 60 metros de longo e 4 de ancho.

Finalmente, mellorarase a **rúa Monte Ilicino** cunha nova capa de rodaxe a través dun tratamento asfáltico superficial e rego de selado, previo bacheo desta estrada de 170 metros de longo por 3,5 metros de ancho. Tamén se actuará sobre uns 90 m² de abanicos e sobreanchos. Unha vez rematados os traballos, colocarse un sinal de STOP.



Roza das pistas forestais

Nos tres primeiros meses de 2026, o Concello leva rozadas as pistas forestais das parroquias de Gastrar, Loureda, Vigo e Lamas. Nestes momentos trabállase na parroquia de Pousada, co obxectivo de completar todo o municipio en breve.



Aglomerado de Engas a Donas

O Concello vén de investir 52.000 euros en aglomerar a estrada de 650 metros que une Engas (Codeso) coa parroquia de Donas. En breve investiranse outros 49.000 euros en aglomerar outro tramo entre Suncira e Donas.



Axudamos a achegar a fibra

Aínda que non é de competencia municipal, o Concello está executando unhas obras de canalización para achegar a fibra á aldea de Loureda, tal e como se fixo antes en Casaldesuso (Codeso), Orto (Boqueixón) e A Iglesia (A Granxa).

Melloras na senda dos pescadores

O Concello investirá 60.000 € en ampliar a senda, colocar sinais e facer unha escaleira que facilite o acceso á Fervenza de Codeso

O Concello de Boqueixón vén de licitar por 60.574,87 euros o proxecto de mellora e ampliación da senda dos pescadores e viticultores do Ulla. Trátase dunha senda existente á beira do río e que discorre por camiños que eran usados tradicionalmente polos pescadores da zona. Agora, co asentamento na comarca de novos viticultores, o Concello aposta por aproveitar os novos camiños abertos por eles na explotación dos viñedos para acometer esta ampliación, favorecendo a creación de novos accesos á ruta.

A maiores, instalarase unha extensa sinalética para guiar aos sendeiristas, tanto ao longo da ruta como nos puntos máis turísticos da contorna. Así está previsto instalar 10 sinais informativas nos dous extremos da ruta, no miradoiro de Neira Vilas, na



A actuación mellorará os accesos á Fervenza de Codeso

entrada e saída do lugar de Donas e nos locais de hostalería da contorna. Outras 33 sinais a instalar serán de tipo direccional, para guiar aos sendeiristas nos cruces e cara os puntos de interese. Ademais, repóranse as mesas informativas.

Os traballos tamén inclúen a colocación de aparcabicis nas contornas dos establecementos hostalei-

ros da zona e a construción dunha escaleira que facilite o acceso á Fervenza de Codeso, á que actualmente se accede por unha pendente na que é preciso usar uns cordóns amarrados nas árbores como pasamáns. Completaríase a actuación coa roza e limpeza do terreo e coa instalación dun banco no Miradoiro Neira Vilas.

A unidade móbil de doazón de sangue estará o 10 de abril en Lestedo

Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue estará diante do Abanca de Lestedo o venres 10 de abril, en horario de 15:45 a 21:00 horas. Ademais, nesta ocasión a túa doazón de sangue pode traducirse tamén nun premio, pois ademais de axudar a salvar tres vidas tamén terás a oportunidade de gañar un dos catorce abonos para ir a "O son do Camiño" que se van sortear.

Para participar, é preciso ter doado sangue este ano, antes do 31 de maio; enviar por mensaxe directa unha foto/vídeo doando ou animando a doar sangue á conta de Instagram @doadoressangue. Unha conta que deberás seguir e mencionar a dúas das túas amigas.



O Forte acolleu a 3ª Copa Galicia de fútbol gaélico sub 15

O equipo do CPI de Friol proclamouse campión galego sub15 no campionato autonómico que tivo lugar no campo do Forte (Boqueixón), polo que representará a Galicia no campionato de Europa do próximo 2 de maio en Maastricht (Países Baixos). O alcalde, Ovidio Rodeiro, entregou os premios.



O Tartas Lestedo, campión do torneo apertura de veteranos

O Tartas Lestedo Asador Entrevías Futsal vén de proclamarse campión do Torneo Apertura-Final Four da Liga de Fútbol Sala Veteranos 2025-2026, tras derrotar 3-1 ao Meiriño Asesores Veteranos Futsal nun encontro disputado no pavillón de Pontepedriña. O Parrillada O Breixo Veteranos Futsal foi terceiro.



Exposición do 20 Encontro Galego de Postcrossing

O Pico Sacro e o centro cultural Camilo José Cela de Lestedo acolleron o pasado 14 de marzo o 20 Encontro Galego de Postcrossing, un punto de encontro para compartir postais. Un evento promovido pola asociación cultural Mestre Manuel Gacio, que contou coa colaboración do Concello de Boqueixón.

Con todo o traballo realizado durante o encontro, elaborouse unha exposición das postais recibidas e enviadas durante a xornada e da creatividade coa que os participantes decoraron cadansúa tarxeta. A exposición está dispoñible na casa do concello de Boqueixón.

Julio Devesa Regueiro, xuíz de paz de Boqueixón

A Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de nomear a Julio Devesa Regueiro como xuíz de paz titular da oficina de xustiza de Boqueixón, partido xudicial de Santiago de Compostela. Un nomeamento por un período de catro anos ao considerar que "reúne as circunstancias necesarias para exercer a xurisdición que a dito cargo corresponde".

Os campamentos de verán abrirán preinscricións do 13 ao 30 de abril

O Concello de Boqueixón, en colaboración con Vedra, presenta unha nova edición dos campamentos de verán. Trátase dunhas actividades socio-educativas e de desenvolvemento persoal que buscan potenciar as relacións entre a rapazada mentres desfrutan do deporte e do tempo libre. A preinscrición abrirase do 14 ao 24 de abril en www.boqueixon.gal:

Minicampamento de aventura, dirixido a nenos e nenas nados nos anos 2015, 2016 e 2017. Terá lugar do 23 ao 26 de xuño. Prezo: 130 euros

Campamento de mar, do 22 ao 29 de xuño (8 días e 7 noites). Ten como destinatario mocidade nada en 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015. Prezo: 220€.

Para formalizar a inscri-



ción, teranse en conta os seguintes criterios de admisión, por orde de prioridade:

1º participante empadroado en Boqueixón (cun mínimo de 3 meses de an-

tigüidade)

2º pai, nai, titor/a empadroado (mínimo 3 meses de antigüidade)

3º participante escolarizado en Boqueixón

4º resto de nenas/os.



Boqueixón suma tres medallas no campionato galego de judo

Grandes resultados da Escola Judo Club de Lestedo no Campionato Galego Infantil e Cadete, no que tomaron parte catro judocas de Boqueixón: Nouhayla Aadel, proclamouse campioa galega; mentres que Lucía Pol alzouse co subcampionato galego; mentres que Lucía Munín lograba un bronce na súa categoría.

No torneo tamén tomou parte Irene Ferreiro, que non conseguiu subir ao podium. Sí o fixo outro integrante do club: Alejandro Ordóñez, que logrou un bronce.

O centro social de Lamas acollerá unha reunión sobre a parcelaria

O encontro terá lugar o mércores 8 de abril, ás 11:00 horas

O centro social de Lamas acollerá o mércores 8 de abril, ás 11:00 horas, unha reunión informativa sobre o procedemento de investigación da propiedade e na que se atenderán as dúbidas dos veciños e veciñas. Unha vez acordada a reestruturación parcelaria de Lamas-Loureda-Sergude-Vigo, agora dase un paso adiante co comezo dos traballos de investigación da propiedade.

Dende a Xunta de Galicia convocan a todas as persoas interesadas a esta reunión informativa e lembran que aquelas parcelas que non sexan declaradas durante este período de investigación da propiedade serán consideradas como parcelas "de persoa descoñecida".

A partir do 9 de abril terá lugar a exposición dos planos parcelarios no centro



Xunta de titulares da parcelaria celebrada en novembro de 2024

social de Lamas, que tamén poderán consultarse a través do grupo de Whats'App creado para o seguimento do proceso.

Documentación

A partir do 13 de abril, o centro social de Lamas acollerá a recollida de documentación, en horario de luns a xoves (de 9:00 a

14:00 e de 15:30 a 18:30) e os venres (de 9:00 a 14:00 e de 15:30 a 17:00 horas). A veciñanza está chamada a acudir do 13 a 24 de abril (**LAMAS**), do 27 de abril a 8 de maio (**VIGO**), do 11 ao 27 de maio (**LOUREDA**) e do 28 de maio ao 12 de xuño (**SERGUDE**). Habará un prazo extra do 15 ao 19 de xuño.

O Camiño de Inverno amplia a xúa proxección nacional e internacional

A emisión en RTVE dunha reportaxe dedicada ao Camiño de Inverno, do que forma parte Boqueixón, tivo unha gran acollida e supuxo un impulso para dar a coñecer este histórico roteiro xacobeo. A peza, emitida en "La Aventura del Saber" de La 2, continuou a súa difusión a través da canle internacional de RTVE, levando a esencia deste itinerario a diferentes países.

Desde a Asociación de Municipios do Camiño de Inverno valoran moi positivamente esta emisión á hora de consolidar este roteiro histórico. A reportaxe pode verse a través desta ligazón de YouTube: <https://youtu.be/iQlcl-B8G81c>.



Admitidas todas as solicitudes para o Semana Santa Activa 2026

O Concello de Boqueixón admitiu todas as solicitudes presentadas de xeito telemático e/ou presencial para participar no servizo de conciliación Semana Santa Activa, un servizo lúdico educativo que facilita a conciliación laboral e familiar nestas vacacións de Semana Santa.



Gran participación veciñal na excursión de tres días a Fátima

Gran participación veciñal na excursión de tres días a Fátima, organizada polo Concello. Unha viaxe que incluíu visitas a localidades como Aveiro, Nazaré, Batalha, Alcobaça e Óbidos. O próximo 15 de abril, ás 21:00 horas, a casa do concello acollerá unha reunión para a viaxe de outono para adultos.

8 de marzo: Centos de persoas percorren o “Camiño da Igualdade”

O Concello de Boqueixón conmemorou o Día da Muller cunha programación especial que incluíu unha nova edición da andaina gratuita “8 M. No Camiño da Igualdade” e un curso de defensa persoal feminina. Así, o propio domingo 8 de marzo centos de persoas sumáronse á andaina solidaria organizada polos Concellos de Boqueixón, Vedra e Touro ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e co apoio do Ministerio de Igualdade.

Unha fermosa ruta circular de 15 km, con saída e meta no Concello de Touro, na que as persoas participantes desfrutaron de dúas

ximcanas: unha dedicada a visibilizar os oficios tradicionais das mulleres (leiteiras, agricultoras, lavadeiras...) e outra centrada en mulleres referentes no mundo da música e da escritura. O broche de ouro púxoo unha representación teatral cargada de emoción, na que as actrices empoderaron o legado das mulleres fortes e valentes de Galicia, cunhas lecturas que lembraron a importancia de quen sustiña, e segue a soste, o rural.

Días despois, o ximnasio do Forte acolleu un curso gratuito de defensa persoal feminina organizado polo CIM de Boqueixón e impartido pola Escola Judo Club.



AXENDA DO MES DE ABRIL

Mércores
8

Charla Parcelaría

Centro social de Lamas, 11:00 h.
Reunión informativa sobre o proceso de investigación da propiedade e resolución de dúbidas.

Venres
10

Doazón de sangue

Diante do Abanca de Lestedo, de 15:45 a 21:00 horas.

Venres
10

Reunións por parroquias

Local social de Oural, 21:00 horas.

Domingo
12

Reunións por parroquias

Local social de Vigo, 11:00 horas.

Luns
13

Acción Verán 2026

Do 13 ao 30 de abril en www.boqueixon.gal
Preinscrición nos campamentos de verán 2026.

Luns
13

Recollida documentación

Centro social de Lamas.
Do 13 ao 24 de abril
Propietarios/as de Lamas.

Mércores
15

Reunión viaxe de Outono para adultos

Casa do Concello. 21:00 h.
Reunión informativa sobre a viaxe de outono para persoas adultas.

Venres
17

Reunións por parroquias

Local social de Gastrar, 21:00 horas.

Domingo
19

Reunións por parroquias

Local social de Pousada, 12:00 horas.

Martes
21

“Educar en familia”: Xestión de conflitos

CPI Antonio Orza Couto, 16:00 h.
Organiza: Concello de Boqueixón e Servizo de Prevención de Condutas Adictivas. Colabora: Xunta de Galicia.

Xoves
23

Reunións por parroquias

Local social de Codeso / Donas, 21:00 horas.

Domingo
26

Reunións por parroquias

Casa do Concello, 11:00 horas.
Veciñanza de Boqueixón.

Luns
27

Recollida documentación

Centro social de Lamas.
Do 27 de abril ao 8 de maio
Propietarios/as de Vigo.

Xoves
30

Reunións por parroquias

Casa da Cultura, 21:00 horas.
Veciñanza de Sucira.

... e en maio

Sábado
2

33º Encontro de Maiores

O Forte. De 12:30 a 18:30 h.
Misa, xantar, homenaxes... Prezo: 15 € empadroados / 35€ non empadroados. Entradas ata o 27 de abril no Concello.

Venres
8

Reunións por parroquias

Local social de Sergude, 21:00 horas.

Luns
11

Recollida documentación

Centro social de Lamas.
Do 11 ao 27 de maio.
Propietarios/as de Loureda.

Mércores
13

Reunións por parroquias

Local social de Lestedo, 21:00 horas.

Máis información e inscricións: Centralía: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 106 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com